

CONCURSO de FOTOGRAFÍA "DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES" ARTEIXO 2021

CENTRO EDUCATIVO	CURSO E CLASE
APELIDOS	NOME
Nome nai/pai ou titor/a legal	DNI nai/pai ou titor/a legal
Correo electrónico	Teléfono

Mediante a firma do presente documento manifesta que coñecendo as bases do concurso, autoriza expresamente a participación da/o menor no concurso de Fotografía e imaxes, organizado polo concello de Arteixo, así como o tratamento dos datos e imaxes do mesmo, sempre coa finalidade do desenvolvemento do presente concurso, así como a utilización das obras seleccionadas tal e como se recolle nas bases.

En Arteixo, a de febrero de 2021

Firmado:

O presente documento una vez cumplimentado e asinado pode presentarse no centro educativo polo alumno/a, escaneado ou fotografiado e remitido por WhatsApp a o número 644 624 475 ou ao correo electrónico: mulleresarteixo8m@gmail.com

BASES DO CONCURSO

Poderán participar estudantes de 5º e 6º da Educación Primaria que curse os seus estudos no concello de Arteixo, coa autorización legal dun representante legal maior de idade (proxenitor/a ou titor/a legal) nos casos de menores de idade.

A organización facilitara aos centros docentes participantes as fichas para o rexistro dos participantes e autorización legal na mesma folla, que teñen que devolver cumprimentada no propio centro, ou remitila por correo electrónico a mulleresarteixo8m@gmail.com ou por WhatsApp ao nº 644 624 475 antes do luns 1 de marzo as 12:00 h

PERÍODO DE PARTICIPACIÓN: O período de participación abrirase o próximo día 24 de febreiro de 2021, e pecharase o 2 de marzo de 2021 ás 15:00 h.

NORMAS DE PARTICIPACIÓN.

O concurso busca cumprir 3 obxectivos:

- Promover á reflexión sobre o papel fundamental das mulleres na sociedade, e desenvolver condutas igualitarias dende unha perspectiva de xénero e celebrar o 8M.
- Estimular a creatividade da xuventude arteixán.
- Incidir no uso responsable das redes sociais entre a xuventude de Arteixo.

Características do concurso de Fotografía e imaxes : O prazo de admisión de obras empezara o 24 de febreiro e rematará o 2 de marzo as 15:00 da tarde .

Características das fotografías: será orixinal, realizada con teléfonos móbiles e/ou cámaras dixitais, cunha resolución mínima de 2 Mpx, e un peso máximo de 1MB

Forma de presentación das fotografías:

- Enviaranse a proposta en formato electrónico ou por whatsApp poñendo o asunto: “Concurso Fotográfico Escolar” a mulleresarteixo8m@gmail.com ou **tlf. 644 62 44 75**
- No mesmo correo achéganse os seguintes datos debidamente cumprimentados: nome da alumna/o, curso, colexio, título da fotografía (e autorización por parte da nai/pai ou persoa responsable da/o menor participante, de non telo achegado a través do centro). Correo electrónico e tlf. da persoa de contacto.

Establécense dous premios un para 5º e outro para 6º

Os premios consistirán en tablets. O momento e procedemento de entrega o determinará a Concellería de Servizos Sociais de Arteixo.

- Teranse en conta os seguintes requisitos:
- As fotos deben ser orixinais e propios do autor/a
- Non se admitirán fotos ofensivas ou que atenten contra os dereitos de terceiras persoas.
- O estilo é libre e a imaxe remitida pode ser dun debuxo, collage, paisaxe, retrato, escena ...

O xurado estará composto por 1 técnica do CIM, Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, e con voz pero se voto, unha técnica/o en igualdade proposta pola organización. Valorarase o atractivo das imaxes no seu conxunto, tanto en forma como en contido, tendo en conta aspectos como a claridade e interese da mensaxe, orixinalidade, creatividade, etc. Reunirase o 5 de marzo do 2021 e resolverá.

As propostas deben responder á temática establecida para o concurso: As mulleres de Arteixo no 8M, creativa sobre a igualdade de xénero, as relacións afectivas entre mulleres e homes e o rexeitamento e a prevención da violencia de machista.